

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos
Humanos
José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS
Margarita González Hernández, Xefa Sección de
Emprego e Programas, Secretaria

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez, presidente

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge, presidente

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

Xoan Cebro Rodríguez , presidente (CIG)
María Fariza Novoa , CC.OO.
José Santiago Santos García, UXT

Acta da reunión celebrada ás
12:15 h. do 18 de outubro de 2010, na
sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa
asistencia das persoas que se citan á
marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1º. Sinatura da acta do 19 de maio de 2010.
- 2º. Proposta convocatoria para a contratación temporal dun Técnico Superior para o CITI de Ourense.
- 3º. Aplicación do criterio de mellora ante a finalización dos procesos de oposición.
- 4º. Estudo peticións renuncias xustificadas e mantemento na lista de agarda.
5. Rogos e preguntas.

Previamente ao comezo da reunión Luis Pérez formula unha cuestión de orden: indica que esta comisión non ten suplentes, polo que pide ao resto da parte social que cando algún dos membros titulares non poda asistir que non asistan suplentes, xa que logo na vindeira reunión que é cando se aproba a acta da reunión anterior non están os asistentes para poder aprobar o poñer reparos a dita acta. Suxire que a acta se asine o mesmo día que se celebra a reunión.

O Vicexerente de Recursos Humanos expón que a idea de que se aprobe a acta na mesma sesión parécelle ben, pero que haberá que ter en conta a complexidade dos temas a tratar.

O Xerente maniféstase partidario de que sexan os Comités e a Xunta de Persoal os que decidan se se poden enviar substitutos ou non ás reunións e que se intentará que no prazo de 48 horas se elaboren as actas e se envíen por correo electrónico aos membros asistentes para que fagan as aportacións oportunas e se aprobe a acta, no seu caso.

1. SINATURA DA ACTA DO 19 DE MAIO DE 2010.

Luis Pérez sinala que no parágrafo: “Ante a falta de acordo...” se inclúa “coa excepción de Luis Pérez Gómez”.

2. PROPOSTA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN TÉCNICO SUPERIOR PARA O CITI DE OURENSE.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica os motivos que xustifican a necesidade desta convocatoria. Luis Pérez expón que non se lle enviou aos membros dos comités o informe previo sobre a necesidade desta praza: coñece que o CITI é un centro sen estrutura previa, o que non implica que non houbese persoal traballando nel con cargo a subvencións, sabe que ten equipos pero descoñece se é necesaria a existencia dun técnico ou non, ademais considera que a nomenclatura da praza debería ser máis xeral, xa que estas prazas se crean porque algún investigador recibiu unha subvención do Ministerio e despois os comités non teñen marxe de actuación na negociación da creación de dita praza.

O Vicexerente de Recursos Humanos considera que hai que facer un esforzo para que as prazas non sexan tan exclusivas nin tan xeralistas, polo que hai que tentar chegar a algo obxectivo e racional, en concreto esta praza nun principio era moito máis restrictiva (TS de Fermentación) e agora é algo máis xenérica: Técnico Superior de Biotecnoloxía.

Marcos Estévez subscribe o expresado por Luis, os comités queren evitar que o xeito de creación de prazas na RPT sexa a través de subvencións. Considera que nestes momentos non existe planificación a medio e longo prazo, que está claro que o CITI de Ourense ten unhas necesidades de persoal que haberá que sentarse a estudar. Ademais di que na proposta presentada aparece no apartado de méritos unha valoración que non se corresponde co establecido no Acordo.

O Xerente di que actualmente no CITI non hai ninguén de RPT, que é un centro que está prestando servizo aos investigadores da universidade e á empresas. Esta convocatoria ten por obxectivo dar continuidade ao desenvolvido ata o de agora nese centro.

Xa entrando no texto da convocatoria Luis Pérez indica que na base segunda, solicitudes, no parágrafo “mediante copia da respectiva documentación” hai que engadir “mediante copia compulsada da respectiva documentación”; na base terceira no apartado de méritos: “Experiencia na Universidade de Vigo” onde dí “como titulado superior en actividades homologables” se substitúa por “postos da mesma ou equivalente categoría”.

Marcos Estévez solicita que se elimine o apartado de experiencia investigadora comentando que non se pode ter en conta as publicacións para valorar os méritos. Ademais Luis Pérez considera que o apartado IV do programa queda moi indefinido.

Xoan Cebro dí que se os Comités aceptan a convocatoria, a Xunta de Persoal tamén.

O Vexerente de Recursos Humanos asume os matices aportados polos Comités.

O Xerente dí que se incorporará ao expediente o informe de necesidade desta praza.

3. APLICACIÓN DO CRITERIO DE MELLORA ANTE A FINALIZACIÓN DOS PROCESOS DE OPOSICIÓN.

O Xefe do Servizo de PAS introduce o tema indicando que o concepto de interinidade en vacante pode perder a súa idea de mellora en canto se acerca a data de remate dos procesos selectivos, polo que o Servizo de PAS se pregunta se á hora de ofertar os distintos contratos que xurdan de aquí á finalización destes procesos deberá ofertar ás melloras tamén a aqueles integrantes das listas de agarda que teñen contratos/nomeamentos de interinidade en vacante.

Luis Pérez reitera o manifestado na anterior reunión: que segundo o establecido no acordo publicado no DOG as melloras tamén deben ofertarse a aquelas persoas que están ocupando postos mediante un contrato ou nomeamento de interinidade en vacante.

Xoan Cebro, Santiago Santos e María Fariza opinan o contrario sendo partidarios de continuar aplicando o criterio de non ofertar novas interinidade aos candidatos que xa están ocupando esta modalidade de contratación e/ou nomeamento.

Oídas todas as intervencións, o Xerente expón que se seguirá co criterio aplicado ata o de agora, polo que non se ofertarán melloras a quen xa estea desempeñando unha interinidade por vacante.

Luis Pérez recorda que o que se aplica non é o que aparece no documento publicado no DOG, pero tamén é consciente do parecer do resto dos membros, polo que respecta que se continúe aplicando ata o remate da vixencia do citado documento.

Por outra parte, acórdase que as novas listas de agarda que se xerarán como consecuencia dos procesos selectivos actuais entrarán en vigor para os contratos laborais na data de incorporación do persoal laboral e para os nomeamentos de funcionarios interinos na data de publicación no DOG dos nomeamentos como funcionarios de carreira.

Luis Pérez solicita que se publiquen as puntuacións da fase de concurso relativas aos aspirantes que, non superando o proceso selectivo, formen parte das correspondentes listas de agarda. A Xerencia asume esta proposta.

4. ESTUDO DAS PETICIÓNS DE RENUNCIA XUSTIFICADA E MANTEMENTO NA LISTA DE AGARDA.

Margarita González explica que hai dúas persoas que renunciaron aos nomeamentos que tiñan na Universidade de Vigo para aceptar unha un posto de superior categoría e outra un posto na Universidade de Santiago que lle supón un menor desprazamento dende o seu domicilio. Ademais, hai unha petición dunha persoa que solicita que non se lle oferten postos no Campus de Ourense por cuestións de conciliación familiar.

Os membros da comisión aceptan as dúas primeiras peticións, porque xa se aceptaran en ocasións anteriores peticións similares e rexeita a solicitude da última persoa (non oferta de postos en Ourense).

A xerencia expón que estas cuestións hai que estudalas para cando o acordo perda a súa vixencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.15 horas.